

Por resolución da Xerencia do 12 de setembro de 2024, convócase proceso de selección para elaborar unha listaxe de agarda **da categoría profesional diplomado/a en enfermaría, grupo II**, da Universidade de Santiago de Compostela.

Por resolución do mesmo órgano, publicada no taboleiro electrónico da USC o 2 de outubro de 2024, publicouse a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas o proceso.

Rematado o prazo de presentación de emendas, o xerente resolve:

1. Aceptar o desestímulo da solicitude participación no proceso da única aspirante que tiña que facer a proba de galego.
2. Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección.
3. Convocar as persoas aspirantes admitidas para a realización do **segundo exercicio** da fase de oposición o 15 de novembro de 2024, ás 9:00 horas, na Sala de Xuntas do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Avenida das Ciencias, nº 6, 15782 Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/10/2024 14:46:41.

CSV: 2D23-D7B3-42F1-9983